

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2024-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 16 de febreiro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e trinta e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 6 de febreiro de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada 1103 de 14 de febreiro de 2024, no que expón:

Por parte da veciñanza de Santo André manifestousenos o problema causado polo estado do camiño das Velas que comunica a zona de Fondodevila coa OU-211.

E solicita:

Se leve a cabo a reparación do firme e das cunetas de dito camiño das Velas de Santo André de Camporrendondo.

A xunta de goberno acorda comunicar, que tentárase solucionar a problemática o antes posible.

Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada 1104 de 14 de febreiro de 2024, no que expón:

Por parte da veciñanza de Esposende tensenos manifestado a súa preocupación polo estado do camiño que comunica o barrio da Quintá coa estrada OU-302.

E solicita:

Se leven a cabo traballos de reparación do firme de dito camiño , non só a fin de que teña o estado debido para a circulación pública , se non tamén para evitar un deterioro maior ao actual, que                   causaría maiores custos de arranxo nun futuro.

A xunta de goberno acorda comunicar, que tentarase solucionar a problemática o antes posible.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

A xunta de goberno toma coñecemento da resolución de alcaldía de data 15 de febreiro de 2024 de petición de subvención, da seguinte literalidade:

RESOLUCION DA ALCADIA DE DATA 15 DE FEBREIRO DE 2024.- Na Casa do Ilmo. Concello de Ribadavia o dia quince de febreiro de dous mil vintecatro; ás doce da mañá polo Sr. Alcalde, Don Cesar Manuel Fernández Gil, asistido de min, Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro, dictáse a seguinte Resolución en materias da súa competencia. PETICIÓN DE SUBVENCION “Orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 ". O abeiro da orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, esta Alcaldía, ACORDA: UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Realizacion de obras de eficiencia enerxética no complexo deportivo do Xestal en Ribadavia, por importe de 146.333,08 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.

E sendo as nove horas e cincuenta e tres minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

